



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA DE XESTIÓN, SUBGRUPO A2, EXPDTE. 2024/E001/000007

SEGUNDA PROBA. RESOLUCIÓN DUN OU VARIOS CASOS PRÁCTICOS.

En Ordes, sendo as dez horas do 18 de febreiro de 2025, reúnese na Sala de Xuntas do 3º andar da Casa Consistorial o Tribunal nomeado para xulgar o **PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA DE XESTIÓN, SUBGRUPO A2, EXPEDIENTE 2024/E001/000007**, convocado pola resolución da alcaldía nº 1373, de data 4 de outubro de 2024.

Asisten:

- . **Presidente:** Mónica Iglesias Prego, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **1º Vogal:** Javier Siro Suárez Rodríguez. Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **2º Vogal:** Rocío Varela Rodríguez, Escala de Funcionarios de Administración Xeral. Subescala de Xestión.
- . **3º Vogal:** Marcos Antonio Barreiro Fontenla, Escala de Funcionarios de Administración Xeral. Subescala de Xestión.
- . **Secretario:** José Alberto Moar Tobío, Escala de Funcionarios de Administración Xeral. Subescala de Xestión.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, pasándose seguidamente a analizar e resolver ás reclamacións/solicitudes presentadas contra as cualificacións provisionais da segunda proba do proceso selectivo, que consistiu na resolución de dous casos prácticos.

I- Solicitud presentada por Rocío Ignacio Rial.

A solicitante pide copia do seu exercicio, do modelo de resolución da proba e dos exercicios realizados polos outros seis aspirantes.

O Tribunal acorda que, previamente a serlle facilitada a copia dos exercicios realizados polos outros aspirantes, se lles conceda a estes un prazo de dous días para que formulen, se o estiman oportuno, os motivos de oposición que consideren convintes ós seus dereitos

II- Solicitud presentada por Jorge Vázquez Liñeira.

Solicita a corrección do seu exame e as respostas a todas as preguntas do mesmo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

O Tribunal acorda acceder á petición formulada.

III- Solicitude presentada por Agostiño Reigosa Lombao.

Pide copia do seu exame e os criterios de corrección do exame seguidos polo Tribunal.

O Tribunal acorda acceder á petición formulada.

IV- Escrito de alegacións presentado por María Dolores Martínez González.

“Primeira. Vulneración das bases reguladoras do proceso selectivo.

A base 5 do proceso selectivo, publicada no Boletín Oficial da Provincia do 10 de outubro de 2024, establece que o segundo exercicio consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos cunha puntuación total de 10 puntos, acordando o tribunal que a proba consista na realización de dous casos prácticos que constan cada un deles de 5 preguntas ca mesma valoración de 1 punto cada unha das mesmas.

Deste xeito cada caso práctico tiña unha valoración de 5 puntos.

O Tribunal despois de celebrado o exame e efectuada a lectura polos aspirantes decidiu cambiar de criterio, outorgando unha puntuación de 4.44 puntos ao primeiro suposto e de 5.55 ao segundo, incrementando o peso sen xustificación ao segundo suposto, por un erro material ao reproducir no exame a mesma pregunta en dúas ocasión no primeiro suposto.

Esta decisión afecta ao principio de igualdade de todos os aspirantes, dado que beneficia —unha vez realizado o exercicio— aos que tiñan notas superiores no segundo suposto, alterando o peso de 5 puntos dos casos prácticos.

Este efecto contrario ás bases, ao propio acordo do Tribunal e o principio de igualdade podería eliminarse mantendo a baremación de 5 puntos para cada un dos supostos, valorando as 4 preguntas válidas do primeiro suposto en 1.25 puntos e mantendo a valoración de 5 puntos do segundo suposto.

En consecuencia, ínstase á rebaremación do primeiro suposto con dito criterio.”

No referido esta primeira alegación, hai que dicir que a Base 5º do proceso selectivo, en relación coa segunda proba dispón que “consistirá na resolución dun ou varios casos prácticos, no tempo máximo de dúas (2) horas, determinados polo tribunal e relacionado cos temas comprendidos no Anexo III da presente convocatoria.”

O exame constaba de dous supostos prácticos, con cadansúas cinco preguntas e, en principio, a valoración de cada unha delas era de 0,5 puntos. Ao detectaren que unha das preguntas do suposto práctico nº 1 figuraba repetida, polo Tribunal acordouse que anulábase esa duplicidade e que cada unha das preguntas tería a mesma puntuación independentemente de a que suposto práctico se referise, anunciándose a dita decisión a todos os presentes sen que por ningún deles se puxese obxección ningunha.

Non é certo, por tanto, o indicado pola alegante de que o Tribunal cambiara de criterio despois de celebrado o exame e efectuada a lectura.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Dado que nas bases non se especifica a forma de realizar os casos prácticos nin a valoración que deba ter cada un deles non se está a incumplir as bases da convocatoria.

Non se admite a reclamación.

“ Segunda. Incorrecta valoración da pregunta 3 do primeiro caso.

A puntuación outorgada é de 0.22 puntos cando se contestou íntegramente á cuestión formulada, facendo referencia ao réxime xurídico dos recursos previstos na lexislación orzamentaria e de réxime local, así como os supostos obxectivos nos que procedería a dita acción -con expresa referencia aos supostos excluídos das mesmas- polo que a valoración debería ser de 1.25 puntos, conforme á proposta da alegación primeira.”

Nesta pregunta a alegante indica que non contestaría o alcalde a esta cuestión porque a reclamación que interpón o interesado non sería obxecto de reclamación por parte do mesmo, por estar exento o seu fundamento para proceder á dita reclamación tal e como establece o artigo 170.2.b TRLRFL.

Non fundamenta correctamente a resposta ao non ser o alcalde o órgano competente para resolver a súa reclamación, senón o Pleno Corporativo.

Dado que é o Pleno da Corporación o órgano competente para resolver a reclamación o alcalde non ten que contestar a ese veciño, senón que a contestación á reclamación levarase a cabo coa publicación da aprobación definitiva (en todo caso), e mediante o traslado do acordo ao interesado polo responsable da Secretaría (artigo 192 do ROF).

O procedemento a seguir é o sinalado no artigo 169 do TRLRFL e, no caso das notificacións, estarase ao disposto no artigo 40 e ss. Da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non se admite a reclamación.

“ Terceira. Incorrecta valoración da pregunta 4 do primeiro caso.

A puntuación outorgada é de 0.89 puntos cando se contestou íntegramente á cuestión formulada, facendo referencia á prórroga orzamentaria e a base xurídica aplicable ao suposto, polo que a valoración debería ser de 1.25 puntos, conforme á proposta da alegación primeira.”

En relación con esta alegación hai que dicir que outorgóuselle o 80% da puntuación ao non facer referencia a que en caso ningún terán singularmente a consideración de prorrogables as modificacións de crédito nin os créditos destinados a servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados que, exclusivamente, fosen percibirse no devandito exercicio.

De feito segundo a súa resposta o orzamento do exercicio anterior considerárase automaticamente prorrogado cos seus créditos iniciais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Tendo en conta que outros participantes indicaron todas e cada unha das circunstancias relativas á prórroga orzamentaria sería inxusto outorgarlle a esta resposta a mesma puntuación máxima.

Non se admite a reclamación.

“Cuarta. Incorrecta valoración da pregunta 1 do segundo suposto.

A puntuación outorgada é de 0 puntos, cando na resposta ao suposto se efectúa unha valoración dos distintos procesos legais de concesión de subvencións na administración local, efectuando unha distinción entre os procesos con concurrencia competitiva e a excepción que supón a non concurrencia no eido da actividade de fomento das administracións públicas, conforme ao marco xurídico aplicable.

En consecuencia, ínstase a unha rebaremación da citada pregunta, outorgando cando menos unha puntuación do 60 % da valoración outorgada a dita pregunta.”

En canto a esta alegación hai que dicir que na súa resposta sinala que o procedemento ordinario de outorgamento de subvencións é xeralmente o de concurrencia competitiva, e que existe a posibilidade de outorgar subvencións directamente (sen indicar nin os casos nin a normativa de aplicación).

Chega á conclusión de que cree que a resposta neste caso é non xa que o Concello de Ordes non dispón dunha ordenanza fiscal reguladora do uso da piscina, co cal deduce que orzamentariamente non existe dotación para o exercicio desta actividade deportiva.

Na súa alegación sinala que “na resposta ao suposto se efectúa unha valoración dos distintos procesos legais de concesión de subvencións na administración local, efectuando unha distinción entre os procesos con concurrencia competitiva e a excepción que supón a non concurrencia no eido da actividade de fomento das administracións públicas, conforme ao marco xurídico aplicable”.

Cabe supoñer que non lembra o que contestou no exercicio.

Non se admite a reclamación.

“ Quinta. Incorrecta valoración da pregunta 2 do segundo suposto.

A puntuación outorgada é de 0,44 puntos, cando na resposta ao suposto se efectúa unha valoración do negocio xurídico a empregar, en concreto, un convenio coa asociación afectada.

En consecuencia, ínstase a unha rebaremación da citada pregunta, outorgando cando menos unha puntuación do 60 % da valoración outorgada a dita pregunta.”

En canto a esta reclamación hai que dicir que se ben nesta cuestión chega á conclusión de que o instrumento a empregar é un convenio de colaboración basea a súa resposta no artigo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

16 da LXS, o cal refírese aos convenios e contratos con entidades colaboradoras. Lembremos que as entidades colaboradoras (artigo 12 LXS) son aquela que, actuando en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, entregue e distribúa os fondos públicos aos beneficiarios cando así se estableza nas bases reguladoras, ou colabore na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Estes fondos, en ningún caso, consideraranse integrantes do seu patrimonio.

Igualmente terán esta condición os que sendo denominados beneficiarios conforme á normativa comunitaria teñan encomendadas, exclusivamente, as funcións enumeradas no parágrafo anterior.

O Convenio que sería a resposta correcta sería o regulado nos artigos 28 LXS e 26 LSG.

Non se admite a reclamación.

“ Sexta. Incorrecta valoración da pregunta 3 do segundo suposto.

A puntuación outorgada é de 0.33 puntos, cando na resposta ao suposto se efectúa unha valoración da solución xurídica para a asunción de compromisos de gasto de carácter plurianual. En consecuencia, instase a unha rebaremación da citada pregunta, outorgando cando menos unha puntuación do 60 % da valoración outorgada a dita pregunta.”

Na alegación indica que na resposta se efectúa unha valoración xurídica para a asunción de compromisos de gasto de carácter plurianual.

A súa resposta foi (literalmente): considero que non es necesario ya que tal y como se menciona en el art. 16.2 (LGS en adelante) el convenio podrá tener una duración máx. De 4 años, pudiéndose prorrogar el mismo y su modificación por las partes de mutuo acuerdo (sin que en ningún caso pueda exceder de 6 años).

Basea a súa resposta de novo no artigo 16 LXS referida ás entidades colaboradoras, de aí que a duración máxima sexa de 4 anos e prorrogable a 6, non como os convenios (que se regulan na lei 40/2015, artigo 47) cunha duración máxima de 4 anos e cunha prórroga de ata 4 anos.

É de supoñer que non lembra o que contestou pois non fixo referencia algunha á normativa orzamentaria que é a que regula a asunción de gastos plurianuais.

Por outra banda, no caso de tratárense dunha subvención nominativa non podería ter unha duración superior á do exercicio no que figure nominativamente nas bases de execución.

Non se admite a reclamación.

“ Sétima. Anulación da pregunta 4 do segundo suposto.

A redacción da pregunta 4 do segundo suposto ademáis de confusa, ten un contido imposible, co que resulta inverosímil a realización correcta desta. Na exposición inicial do suposto práctico faise referencia a que se trata dunha actuación que se iniciará en



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

primavera de 2024, dándose a entender que o exercicio corrente é o de 2024. En cambio, na pregunta alúdese equívocamente a «este exercicio 2023», sen que quede claro si se está a prantexar unha suposto retroactividade da medida ou ben a imputación a exercicios pechados da actividade do exercicio en curso.

En consecuencia, solicítase a anulación da citada pregunta. Supletoriamente, solicítase a revisión da puntuación.”

En canto a esta reclamación hai que dicir que na exposición inicial efectivamente indícase que o inicio da medida está planificado para a primavera de 2024, sendo que na pregunta 3 indícase que “le consulta si podría adelantarse el inicio de la actividad a este exercicio 2023”.

Está claro que non se está a referir a un suposto de retroactividade da medida nin á imputación a exercicio pechados da actividade, senón que o exercicio ao cal estase a referir o suposto é o 2023 (este exercicio 2023).

É curioso que a solicitante alegue un contido imposible da pregunta cando na súa contestación indicou que “sí es posible porque está dentro del plazo de los cuatro años que se establece para ejecutar el convenio de colaboración, y dado que el Ayto. De Ordes en este caso, dispone de remanente suficiente para hacer frente a su abono, creo que es viable”.

A resposta á cuestión ¿é posible o prometido polo Concelleiro de deportes mantendo o procedemento? Debe basearse no posibilidade de levar a cabo unha modificación dos orzamentos municipais (vía crédito extraordinario ou suplemento financiado co remanente líquido de tesourería) co cal dotar de crédito necesario y suficiente a aplicación orzamentaria necesaria para poder formalizar o convenio neste exercicio, modificacións suxeitas aos mesmos trámites e requisitos que a aprobación dos orzamentos. A maiores, no caso de pretender que a subvención tivese carácter nominativo no exercicio debería, así mesmo, levarse a cabo unha modificación das bases de execución dos orzamentos.

Non se admite a reclamación.

“ Oitava. Anulación da pregunta 5 do segundo suposto.

A redacción da pregunta 5 do segundo suposto de novo é confuso e induce a erro, confundindo categorías xurídicas. O Tribunal alude a que o obxectivo da pregunta era efectuar unha distinción dunha taxa e prezo público, cando o que se prantexa non é nin unha taxa, nin un prezo público, senón dun beneficio fiscal que conforme á normativa aplicable debería estar amparado por unha norma con rango legal.

En consecuencia, solicítase a anulación da citada pregunta. Supletoriamente solicítase a revisión da puntuación outorgada de 0 puntos, dado que na resposta se fai referencia ao réxime xurídico das taxas e dos prezos públicos.”

Na alegación indica que a redacción da pregunta 5 de novo é confuso e induce a erro, confundindo categorías xurídicas.

Alega que o Tribunal alude a que o obxectivo da pregunta era efectuar unha distinción dunha taxa e prezo público, cando o que se prantexa non é nin unha taxa nin un prezo público, senón dun beneficio fiscal que conforme á normativa aplicable debería estar amparado por unha norma con rango legal.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Non se entende a que refírese cando indica que o tribunal aludiu a ningún obxectivo da pregunta, pois nada neste senso foi sinalado polo mesmo.

Na súa resposta indicou que “sí se podría exigir este pago en forma de tasa tal y como se define la misma en el art. 57 de la LRHL cuando se dice que “los aytos. Podrán exigir tasas por la prestación de servicios o la realización de actividades de su competencia y por la utilización privativa o el aprovechamiento especial de los bienes de dominio público municipal”.

Segundo a alegante nesta resposta faise referencia ao réxime xurídico das taxas e prezos públicos.

Pois ben, é na alegación cando semella que comeza a entender a pregunta, ao sinalar que a esixencia dunha cota de 1 euro semanal por nadador que lle será devolta si, efectivamente, se acude e utiliza convenientemente non é nin unha taxa nin un prezo público.

En realidade, e tal e como está redactada a pregunta, o que se trata de contestar é si se pode esixir unha cota de 1 euro/semanal cuxo importe pode ser devolto, a través dunha taxa. A resposta é que en ningún caso pode levarse a cabo a devolución dunha taxa nas condicións sinaladas, pois unicamente procedería a devolución do importe correspondente cando por causas non imputables ao suxeito pasivo o servizo público non se prestase, ao contrario do que sinala o suposto (se devolve cando se acude).

Aclarar que en caso algún sería un prezo público ao ser a única piscina da localidade e, en calquera caso, só procedería a devolución no caso de que por causas non imputables ao interesado non se prestase o servizo.

Non se trataría, en caso ningún, dun beneficio fiscal, pois a suposta taxa xa se devindicou co uso.

Estaríamos neste caso (ingresos que poden devolverse ao cumprírense algunha condición) nunha sorte de fianza, a cal non é propia da normativa tributaria (aínda que podería regularse nun regulamento da piscina).

Non se admite a reclamación.

“ Novena. Rebaremación do suposto 2. En base ao anterior solicítase unha rebaremación do suposto 2, outorgando unha puntuación de 1.66 ás preguntas 1, 2 y 3. Supletoriamente solicítase una nova valoración das preguntas, incluídas as 4 e 5.”

Con base na non admisión das anteriores reclamacións, non se admite esta reclamación.

Polo tanto, o Tribunal acorda desestimar todos as alegacións formuladas por María Dolores Martínez González.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, sendo ás doce horas do día 18-02-2025, dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta.

A Presidenta
Mónica Iglesias Prego

O Secretario
José Alberto Moar Tobío



CONCELLO DE ORDES **(A CORUÑA)**

(asinado electrónicamente)